



ACREDITACIÓN DA COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO MARCO GALEGO DE COMPETENCIAS DIXITAIS

Que é a certificación galega en competencias dixitais?

A certificación galega en competencias dixitais acredita o nivel de competencia das persoas na utilización das tecnoloxías no ámbito persoal, social educativo e profesional de forma efectiva, segura, crítica, creativa e cívica.

Para que serve a certificación galega en competencias dixitais?

A certificación galega en competencias dixitais serve para que a cidadanía poida demostrar oficialmente ante calquera institución, persoa empregadora ou persoa, os coñecementos, as destrezas e actitudes no ámbito dixital, tendo en conta as competencias definidas nas cinco áreas que se avalían.

Que nivel de competencia dixital pode ter acreditado o alumnado?

O alumnado que obteña o título de graduado ou graduada en educación secundaria obrigatoria, recibirá o certificado que acredite o **nivel de iniciación**.

Por outra banda, a obtención do título de bacharel acredita que a alumna ou o alumno ten os coñecementos, habilidades e actitudes das **áreas de dominio 1, 2, 3 e 5 do nivel intermedio** descritas no Marco galego de competencias dixitais.

Como pode o alumnado acreditar un maior nivel de competencia dixital?

O alumnado matriculado en 2º de bacharelato poderá presentarse a unha proba específica co obxectivo de acreditar os coñecementos, habilidades e actitudes propias da área de dominio 4 do nivel intermedio descritas no Marco galego de competencias dixitais.

O alumnado que desexe realizar estas probas específicas solicitarán a súa inscrición empregando o modelo que se atopa á súa disposición nas oficinas do centro. No caso



XUNTA
DE GALICIA

INSTITUTO EDUCACIÓN
SECUNDARIA
FRANCISCO ASOREY



Asorey



do alumnado menor de idade, deberá contar coa autorización das persoas proxenitoras ou das persoas titoras legais para poder inscribirse na realización da proba.

O prazo de entrega de solicitudes remata o xoves 20 de febreiro de 2025.

Onde podo atopar máis información?

https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/resolucion_acredita_comdix_2bac_as.pdf

<https://www.edu.xunta.gal/portal/competenciadixital/alumnado>